

# **Informe sobre as subvencións da Xunta ás entidades locais para a promoción do uso da lingua galega (2010)**

**Informe da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) sobre a efectividade e os resultados da convocatoria de subvencións da Secretaría Xeral de Política Lingüística ás entidades locais para a promoción do uso da lingua galega (DOG do 22 de abril de 2010)**



**CTNL**

Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

[www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)

# Informe sobre as subvencións da Xunta ás entidades locais para a promoción do uso da lingua galega

**Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)**

**Novembro de 2010**

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), convocou no mes de abril ([DOG do 22 de abril](#)) subvencións ás entidades locais para a promoción do uso da lingua galega, destinadas, segundo o artigo 1.º da convocatoria, a «fomentar a prestación dun servizo lingüístico en concellos ou en agrupacións de concellos», así como a subvencionar «a planificación e o desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega».

Segundo a orde de concesión destas axudas ([DOG do 9 de setembro](#)), concedéuselles subvención para o mantemento do servizo lingüístico a 50 concellos, para o desenvolvemento de programas de dinamización a 21 concellos que non contan con servizo de normalización lingüística e para a creación dun servizo lingüístico a 36 concellos (a 13 a nivel individual e a 23 agrupados para a creación de 4 servizos compartidos).

<b>Concesión de subvencións por parte da Xunta ao abeiro da convocatoria de subvencións ás entidades locais para a promoción do uso da lingua galega segundo a modalidade</b>				
<b>Modalidade</b>	<b>N.º de concellos</b>	<b>N.º de SNL</b>	<b>Contía total destinada</b>	<b>Contía media por SNL</b>
Mantemento de SNL	50	50	411.416,22 €	8.228,32 €
Creación de SNL individuais	13	13	95.779,66 €	7.367,67 €
Creación de SNL agrupados	23	4	39.277,47 €	9.819,37 €
Desenvolvemento de programas de dinamización en concellos sen SNL	21	0	56.194,65 €	0 €

## Sobre a concesión de subvencións para o mantemento de SNL

Foilles concedida subvención aos 50 concellos que a solicitaron para o mantemento do seu servizo de normalización lingüística (SNL), o que supón unha contía total de 411.416,22 €. Mais, nesta modalidade chaman á atención tres cousas.

En primeiro lugar, 37 dos 50 concellos que reciben subvención para mantemento están na provincia da Coruña, mentres que só 9 están na de Pontevedra, só 2 na de Lugo e só 2 na de Ourense. Isto débese á colaboración que a Deputación da Coruña lles ofrece aos concellos da provincia, xa que lles achega 12.000 euros anuais aos concellos que contan cun SNL a tempo completo, para o que a Deputación lle dedica un orzamento anual de arredor dos 500.000 €.

<b>Concesión de subvencións a concellos para o mantemento do seu SNL segundo a provincia</b>		
<b>Provincia</b>	<b>N.º concellos</b>	<b>Porcentaxe</b>
A Coruña	37	74%
Lugo	2	4%
Ourense	2	4%
Pontevedra	9	18%
TOTAL	50	100%

En segundo lugar, tamén chama a atención a escasa diferenza xeral que hai entre as cantidades que reciben uns concellos e as que reciben outros, aínda que uns teñan preto de 300.000 habitantes e outros teñan só o 1% desa cifra, aínda que uns estean en zonas cunha desgaleguización moi alta e outros en zonas menos desgaleguizadas, aínda que uns sexan estábeis e outros temporais, aínda que uns conten con orzamento propio para accións de normalización e outros non, aínda que uns conten con varias persoas traballando e outros só con unha, etc. Así, só por poñer algúns exemplos, a Vigo (arredor de 300.000 habitantes) ou á Coruña (arredor de 250.000 habitantes) fóronlles concedidos 11.171,14 € e 11.016,65 € respectivamente, mentres que a Dumbría (arredor de 3.500 habitantes) ou á Cañiza (arredor de 6.000 habitantes) lles foron concedidos 7.772,40 € e 9.317,28 € respectivamente.

E, en terceiro lugar, cómpre salientar que ás modalidades de creación e mantemento de servizos de normalización lingüística ao abeiro desta convocatoria só podían acollerse

concellos ou agrupacións de concellos con poboación igual ou superior a 3.000 habitantes. Deste xeito, a Xunta deixou de financiar os SNL xa existentes en concellos de menos de 3.000 habitantes, a non ser que se agrupasen con outros concellos.

## **Sobre a concesión de subvencións para a creación de SNL**

Segundo a orde de concesión das subvencións, a SXPL financiaría a creación de 13 servizos de normalización lingüística en municipios de máis de 3.000 habitantes e a creación de catro SNL compartidos por varios concellos. En total serían 17 novos SNL que pertencerían a 36 concellos, para o que a SXPL dedica 135.057,13 €.

Segundo os datos facilitados polo Centro de Documentación Sociolingüística (CDSG) do Consello da Cultura Galega, deses 36 concellos aos que se lles concedeu subvención para a creación dun servizo lingüístico, 26 non o crearon (9 concellos a nivel individual e a Mancomunidade de Municipios da Mariña, que agrupa 17 entidades), 8 creárono só durante un mes e xa o pecharon e só dous declararon que prevían que o seu servizo de normalización lingüística se mantivese aberto en novembro de 2010 (un dos cales, ademais, xa estaba funcionando con anterioridade).

En definitiva, esta orde de subvencións para a creación de SNL só serviu para que na actualidade estea funcionando só un SNL máis ca antes da publicación da convocatoria.

<b>Actividade dos SNL municipais creados ao abeiro das subvencións concedidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística no ano 2010</b>				
		<b>CANTIDADE CONCEDIDA</b>	<b>DATA DE CREACIÓN E PECHÉ DO SNL</b>	<b>DURACIÓN DA ACTIVIDADE</b>
<b>A CORUÑA</b>	Agrupación de Boimorto e Sobrado	10.089,72 €	-Creación: finais setembro -Peché: 31 outubro (Sobrado)	Boimorto: indefinida / Sobrado: 1 mes
<b>LUGO</b>	Quiroga	6.227,52 €	-Creación: finais setembro -Peché: 31 outubro	1 mes
	Monterroso	6.227,52 €	-Creación: finais setembro -Peché: 31 outubro	1 mes
	Agrupación Carballedo e San Cristovo de Cea	9.471,77 €	-Creación: finais setembro -Peché: 31 outubro	1 mes
<b>OURENSE</b>	Barbadás	6.227,52 €	-Creación: finais setembro -Peché: 31 outubro	1 mes
	Agrupación da Bola e Castrelo de Miño	9.626,26 €	-Creación: finais setembro -Peché: 31 outubro	1 mes
<b>PONTEVEDRA</b>	Valga	6.536,50 €	-Creación: finais setembro -Peché: -	indefinida
<b>Non crearon o SNL</b>		Tui [5.678,70 €], Sarria [8.081,38 €], Cartelle [8.544,84 €], A Pastoriza [7.772,40 €], Guitiriz [8.235,86 €], Cambados [9.239,20 €], Tomiño [8.544,84 €], Porto do Son [8.235,86 €], Chantada [6.227,52 €] e Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense (17 concellos) [10.089,72 €]		
<b>Total de concellos aos que se lles outorga subvención para a creación de SNL</b>				36
<b>Total de concellos que crearon SNL ao abeiro da subvención</b>				10
<b>Total de concellos que prevén manter o SNL a partir de novembro de 2010</b>				2 <sup>1</sup>
Cadro elaborado a partir de datos facilitados polo Centro de Documentación Sociolingüística (CDSG) do Consello da Cultura Galega				

Cómpre ter en conta que o artigo 4.2 da convocatoria estableceu que «As entidades locais que nesta orde de subvencións soliciten axuda para a creación dun servizo lingüístico non poderán acceder a outra axuda para a creación dun servizo nas dúas próximas convocatorias». Así, todas as entidades que recibiron subvención para a creación do SNL nesta convocatoria só poderían, en principio, solicitar na vindeira convocatoria subvención para o seu mantemento mais, ao pechar xa o seu SNL, nos próximos dous anos non poderán solicitar axuda económica nin para a creación (pois o SNL xa o crearon) nin para o mantemento (pois o SNL xa o pecharon).

<sup>1</sup> Un dos cales, Boimorto, xa estaba funcionando con anterioridade.

## **Sobre a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas de dinamización en concellos sen SNL**

A SXPL subvencionou tamén o desenvolvemento de programas de dinamización lingüística realizados en concellos que non contan con persoal técnico para a súa planificación, xestión, execución nin avaliación. Así, segundo a orde de concesión, a 20 concellos que non teñen servizo de normalización lingüística para desenvolveren as accións, concedéronselles 56.194,65 €.

Na CTNL non temos datos de cantos concellos desenvolveron algunha acción, nin da avaliación nin efectividade destas, nin se algún concello renunciou a esta axuda.

### **Conclusión xeral**

Con todo isto, está claro que esta convocatoria de subvencións de 2010 da Xunta de Galicia a entidades locais para a promoción do uso da lingua galega supuxo un claro fracaso, xa que non acadou os seus obxectivos básicos que, segundo se sinalaba na convocatoria, eran «fomentar a prestación dun servizo lingüístico en concellos ou en agrupacións de concellos», así como subvencionar «a planificación e o desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega».

## **Principais causas da non consecución de obxectivos da convocatoria**

Segundo a análise feita pola CTNL, as causas desta escasa incidencia e do fracaso na consecución dos obxectivos da convocatoria de subvencións son:

### **Tardanza da convocatoria e da resolución das subvencións**

A pesar de que a SXPL se comprometera a publicar a convocatoria das axudas a todo máis tardar en xaneiro de 2010, finalmente publicouna a finais do mes de abril.

Dende a data da publicación da convocatoria (22 de abril) até a data da publicación da resolución (9 de setembro) transcorreran un total de 140 días (máis de catro meses e medio), período, dende calquera punto de vista, excesivo para a resolución e durante o que os concellos non crearon os respectivos SNL xa que, naturalmente, descoñecían se ían contar con subvención ou a cantidade desta.

### **Tempo moi escaso para o desenvolvemento das accións e a súa xustificación**

O período de xustificación rematou o día 31 de outubro, isto é, 52 días despois da resolución da convocatoria. Mentres a Xunta tivo 140 días para resolver a convocatoria, os concellos tiveron 52 días (un terzo do tempo) para planificar e executar as accións (no caso de subvencións para campañas) e para facer a convocatoria, o procedemento de selección, a contratación, etc. (no caso de subvencións para creación de SNL).

Unha vez que o concello remata co procedemento de selección do/a técnico/a de normalización, este, practicamente, só ten tempo para preparar a xustificación da subvención. En definitiva, a Xunta subvenciona unha contratación para xustificar a subvención para esa contratación.

Debido á tardanza na publicación da convocatoria e á tardanza na resolución, o período de

execución e xustificación das accións é tan limitado que a maioría de concellos ou agrupacións de concellos aos que se lles concede axuda para a creación de SNL renuncian a ela.

## **Escasa dotación orzamentaria**

Se esta convocatoria de subvencións ten por obxectivos «fomentar a prestación dun servizo lingüístico en concellos ou en agrupacións de concellos» e «o desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega» en todos os concellos do país, esta ten que estar dotada economicamente cunha cantidade suficiente para cumprir eses obxectivos.

Os pouco máis de 600.000 euros que se lle dedicaron este ano son totalmente insuficientes, xa que supoñen unha media inferior aos 2.000 euros por concello. Con esta cantidade, loxicamente, a Secretaría Xeral de Política Lingüística non pode pretender que os concellos creen SNL, nin propios nin compartidos, dotados con persoal técnico.

Polo tanto, para que esta convocatoria de subvencións poida cumprir os seus obxectivos, é imprescindible un considerábel aumento de recursos mais, lonxe disto, a SXPL redúcese de xeito drástico para 2011, e deixa a partida para estas subvencións en 397.710 € (o que supón unha media de 1.300 € por concello galego). Polo tanto, lonxe de procurar crear novos SNL, a SXPL contribúe ao peche dos existentes vía redución orzamentaria.

## **Incoherencia total nas prioridades e nas modalidades de concesión de subvención**

A convocatoria contaba con catro modalidades:

1. Creación dun servizo lingüístico
2. Creación dun servizo lingüístico de concellos agrupados
3. Mantemento do servizo lingüístico
4. Desenvolvemento de programas de dinamización en concellos sen SNL

Cada concello só podía solicitar unha das modalidades, e as tres primeiras só financian a contratación de persoal, polo que, aos concellos que contratan persoal non se lles financian



actividades e, aos concellos aos que se lles financian actividades, non se lles financia o persoal.

Dende a CTNL consideramos que non ten ningunha lóxica nin xustificación que se lles concedan subvencións para o desenvolvemento de programas de dinamización lingüística só a concellos que non contan con persoal técnico para a súa planificación, xestión, execución nin avaliación, mentres non se lles conceden ás entidades que si contan con persoal para desenvolver ese traballo.

O lóxico e coherente sería que a convocatoria lle dese prioridade á creación, mantemento e estabilización dos SNL, e que, de financiar actividades, que estas, como é lóxico, tivesen que ser desenvolvidas dende os SNL. Ademais, sería moi importante que a cada concello se lles especificasen na resolución as cantidades concedidas para cada unha das modalidades.

Á parte disto, dende a CTNL vemos positivo que se priorice a creación de SNL agrupados, compartidos por varios concellos, e cremos que o ideal é que estes SNL sexan de ámbito comarcal e incluso conten con persoal multidisciplinar. Mais que se priorice a creación destes SNL compartidos non pode significar que se deixen de financiar os SNL xa existentes en concellos de menos de 3.000 habitantes. Por este motivo, cóstanos que, cando menos, cinco SNL en funcionamento na actualidade quedaron sen poder percibir esta axuda autonómica.

## Propostas de mellora para vindeiras convocatorias

Cos obxectivos de que as vindeiras convocatorias sexan exitosas, de acadar a estabilidade dos SNL e de contribuír á racionalización dos recursos económicos destinados á creación de SNL, dende a CTNL recomendamos:

- Que a convocatoria de subvencións para entidades locais se publique con suficiente antelación para que, a máis tardar no mes de xaneiro de cada ano, cada concello poida planificar coñecendo o importe total da subvención que vai recibir da Xunta de Galicia.

Cómpre sinalar que o modelo de colaboración que desenvolve a Deputación da Coruña mediante un convenio plurianual cos concellos da provincia para a creación e mantemento de SNL é bastante máis axeitado e efectivo, xa que lle permite coñecer a cada entidade local os recursos dos que dispón para un período de tres anos, o que lle garante unha relativa estabilidade e lle permite planificar accións a medio prazo.

- Que a orde de subvencións contribúa ao financiamento das accións dun ano enteiro e non como sucede até o de agora, que só se subvencionan SNL e actividades dende o 1 de xaneiro até o día 30 de outubro (10 meses).
- Que a resolución das subvencións se efectúe dentro dun período de tempo razoábel, xa que 140 días (case cinco meses) dende a data de publicación da orde até que se resolve é, dende calquera punto de vista, un período de tempo excesivamente longo.
- Que a convocatoria lle dea prioridade á creación, mantemento e estabilización dos SNL. De haber unha dotación orzamentaria suficiente que permita tamén financiar actividades, estas, como é lóxico, deben ser planificadas, xestionadas, coordinadas e avaliadas dende entidades con SNL, e non precisamente dende entidades sen o persoal necesario para poder desenvolverlas. Ademais, tamén sería necesario que a resolución de concesión especificase para cada concello que cantidade está destinada ao financiamento de persoal e que cantidade está destinada ao financiamento de actividades.

- Que a Dirección Xeral da Administración Local e outros departamentos do Goberno galego colaboren e acheguen tamén recursos para promover a normalización da lingua galega dende a administración local.
- Que a dotación económica que a Xunta lle dedica á promoción do uso do galego dende as entidades locais sexa aumentada de xeito significativo. Ademais, para unha maior efectividade, debería procurarse unha fórmula de cofinanciamento, mediante a que os concellos subesen de antemán a porcentaxe ou a cantidade coa que a Xunta colaboraría para o mantemento do seu servizo de normalización lingüística.

**Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)**  
**629 571 950**  
**[info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org)**  
**[www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)**